



mar en calma

XOVES 19 OUTUBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

André Cebrián, frauta

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro e André Cebrián

Sala Mozart, 19:45 h

f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

I

FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)

As Hébridas, op. 26

JOHN CORIGLIANO (1938)

Viaxe para fruta e cordas (rev. 1983)*

MOISEY SAMUILOVICH WEINBERG (1919-1996)

Concerto núm. 1 para fruta e corda op. 75

Allegro

Largo

Allegro comodo

II

FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)

Sinfonía núm. 3 en la menor, op. 56 “Escocesa”

Andante con moto - Allegro un poco agitato

Vivace non troppo

Adagio

Allegro vivacissimo - Allegro maestoso assai

*Estrea en España

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTORA

Joana Carneiro

FRAUTA

André Cebrián

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigory Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Helena Sengelow
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Elina Viksne

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Manuel Lorenzo
Carlos García
Álvaro Peregrina

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *
Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *
Juan Carlos Otero **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Millán Molina (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Joana Carneiro

Directora

A aclamada directora portuguesa Joana Carneiro é principal directora convidada da Real Filharmonía de Galicia e directora artística da Nova Orquestra Gulbenkian, cargo que ocupa desde 2013.

Joana Carneiro foi directora principal da Orquestra Sinfónica Portuguesa do Teatro São Carlos de Lisboa desde 2014 ata xaneiro de 2022. De 2009 a 2018 foi directora musical da Sinfónica de Berkeley, sucedendo a Kent Nagano como a terceira directora musical nos 40 anos de historia da orquestra. Tamén foi directora convidada oficial da Orquestra Gulbenkian de 2006 a 2018.

Joana está moi solicitada en todo o mundo, especialmente polo seu enfoque na música contemporánea tanto na sala de concertos como no escenario da ópera. En 2022 dirixiu na Ópera Nacional Inglesa *O Conto da Criada*, tras un aclamado debut en Londres coa estrea mundial de *O Evanxeo segundo a outra María*, de John Adams, baixo a dirección de Peter Sellars. Coa Ópera Escocesa dirixiu *Nixon na China* e en Lisboa,

O progreso do libertino. Outras representacións operísticas recentes inclúen *Unha Vila Marabillosa* (Ópera Real Dinamarquesa), *A Paixón de Simone* (Festival de Ojai), *Oedipus Rex* (Sydney, Premio Helpmann ao mellor concerto de orquestra sinfónica) e *A Árbore Florecente* (Viena, París, Chicago, Cincinnati, Gotemburgo e Lisboa). En 2023 Joana dirixiu a estrea da produción do *Ballet Pit* de Bobbi Jene Smith na Ópera Garnier.

Entre as actuacións máis destacadas da temporada 23/24 figuran debuts coa Orquestra Nacional de Gales da BBC, a Real Sinfónica Nacional Escocesa, a Filharmónica de Bremen, a Orquestra Nacional de Bordeos-Aquitania e o Musikkollegium Winterthur, así como colaboracións coa Orquestra Gulbenkian, a Orquestra NAC de Ottawa e a Sinfónica de Detroit na Ópera Nacional Inglesa para a reposición de *O Conto da Criada*.

Recentemente actuou con destacadas orquestras de todo o mundo, desde a Sinfónica e a Filharmonía da BBC en Londres, a BBC Escocesa e a Cámara Escocesa, a Orquestra Sinfónica Nacional (Irlanda) ata a Real Orquestra Sinfónica de Estocolmo, as sinfónicas de Gotemburgo e

Gavle, as Filharmónicas de Helsinqui e Bruxelas, a Orquesta Sinfónica de Castilla y León e La Venice en Europa. Máis lonxe, Joana colaborou coa Filharmónica de Los Ángeles nos Estados Unidos, a Filharmónica de Hong Kong e a Orquesta de Pequín na China, e a Sinfónica do Estado de São Paulo en Brasil.

Natural de Lisboa, comezou os seus estudos musicais como violista antes de licenciarse en dirección de orquesta na Academia Nacional Superior de Orquesta de Lisboa, onde estudou con Jean-Marc Burfin. Deseguido viaxou aos Estados Unidos, onde obtivo un mestrado en dirección de orquesta pola Universidade Northwestern como alumna de Victor Yampolsky e Mallory Thompson, e cursou estudos de doutoramento na Universidade de Michigan, onde estudou con Kenneth Kiesler.

Joana foi finalista do prestixioso Concurso de Directores Maazel-Vilar 2002 no Carnegie Hall, e en 2003-04, traballou cos Mestres Kurt Masur e Christoph von Dohnanyi e dirixiu a Orquesta Filharmónica de Londres, como un dos tres directores elixidos pola Academia Internacional

de Directores da Fundación Cultural Allianz de Londres. De 2002 a 2005, Joana foi directora asistente da Orquesta de Cámara de Los Ángeles e directora musical da Fundación de Músicos Novos de Los Ángeles. De 2005 a 2008, foi bolseira de dirección da Liga Americana de Orquestras Sinfónicas na Filharmónica de Los Ángeles, onde traballou estreitamente con Esa-Pekka Salonen e dirixiu varias actuacións no Walt Disney Concert Hall e o Hollywood Bowl.

Joana recibiu en 2010 o Premio Helen M. Thompson, concedido pola Liga de Orquestras Americanas por recoñecer e honrar a directores musicais de talento excepcional. En 2004, Joana foi condecorada polo Presidente da República Portuguesa, Jorge Sampaio, coa Encomenda da Orde do Infante Dom Henrique.

BIOGRAFÍAS

André Cebrián

Fruta

André Cebrián é fruta solista da Orquestra de Cámara Escocesa. Tras as súas primeiras experiencias en novas orquestras como a OJSG, a JONDE, a Britten-Pears ou a Gustav Mahler Jugendorchester, pronto iniciou a súa carreira profesional en orquestras como as Sinfónicas de Galicia, Tenerife e Asturias, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra de Cadaqués, a Orquestra de la Comunidad Valenciana, a Orquestra Mozart, a Nacional do Porto ou a Staatskapelle Dresden. É convidado regularmente como solista de fruta en orquestras como a Sinfónica Escocesa da BBC, a Filharmonía de Zúric, a Real Orquestra Nacional Escocesa, Spira Mirabilis, Sinfónica de Castilla y León, Filarmónica de Gran Canaria, Sinfónica de Barcelona (OBC), Gran Teatro del Liceu, Filharmónica Malaisia ou a Orchestra Leonore.

André non é só un experimentado músico de orquestra, senón tamén un apaixonado da música de cámara. Cada temporada realiza numerosos concertos en festivais por toda Europa, a gran

maioría coa Azahar Ensemble, o Natalia Ensemble ou cun dos seus proxectos a dúo coa arpista Bleuenn Le Friec, o guitarrista Pedro Mateo González ou a pianista Irene Alfageme. En 2019 funda o seu propio festival de cámara, o Festival de Música de Cámara Anguiano (A Rioxa).

Como solista actúa periodicamente xunto a orquestras como a Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Castilla y León, Orquestra de la Comunidad de Madrid, Dresden Staatskapelle, Cámara Escocesa, Sinfonietta Xeorxiana ou a Filharmonia Zabrzeńska e con directores como Jean-Christophe Spinosi, Maxim Emelyanychev, Zsolt Nagy, Alejandro Posada, Lanfranco Marcelletti, Vladimir Jurowski, Miguel Ángel Gómez-Martínez, Joana Carneiro, Guillermo García-Calvo, Joseph Swensen ou Peter Whelan.

Comparte a súa paixón pola música nos numerosos cursos que realiza por todo o mundo así como coas novas orquestras ás que acode cada tempada (JONDE, Andalucía, Cataluña, Euskadi, Valencia, Escocia, México...). Entre 2013 e 2020 foi profesor de fruta e música de cámara do Conservatorio Superior de Música de Aragón e desde 2020 é

o profesor de Frauta da Academia de Estudos Orquestrais da Fundación Barenboim-Said.

André tamén é un recoñecido arranxista. Os seus arranxos son interpretados regularmente por todo o mundo por orquestras como a Orquestra Real Nacional Dinamarquesa, a Filharmónica de Belgrado, a Ópera de Hannover, EUYO, a Sinfónica de Heredia, a Filharmónica de Gauteng... Así mesmo recibiu encargos da Ópera da Monnaie, a Ópera Flamenca, a Cámara Escocesa, Lois Jeans ou a Casa Real do Reino Unido.

Natural de Santiago de Compostela, comeza os seus estudos musicais na súa cidade natal da man de Luis Soto e Laurent Blaiteau, continuándoos máis tarde en París, Salamanca, Madrid, Detmold e Xenebra con profesores como Pablo Sagredo, János Bálint e Jacques Zoon.

NOTAS AO PROGRAMA

O neiorquino John Corigliano converteuse, a principios da década dos 90, no compositor máis interpretado de EUA por mor de pezas como a *Sinfonía núm. 1* (1990), dedicada ás vítimas da sida; a ópera *As pantasma de Versailles* (1992), encargo do Metropolitan; o *Cuarteto para corda* (1995) recoñecido co primeiro dos Premios Grammy da súa carreira ou a *Sinfonía núm. 2* (2001) pola que recibiu o Premio Pulitzer. A súa habilidade técnica para a narrativa audiovisual levou a Corogliano ao cinema, onde acabou de gañar recoñecemento co *Concerto para violín e orquestra* que escribiu para Joshua Bell e que foi incluído no filme *O violín vermello*, dirixido por François Girard. Acadou un Oscar por esta composición que pensou como unha obra que lle gustaría interpretar ao seu pai, concertino da Filharmónica de Nova York cando Leonard Bernstein era titular. As máis de cen obras que compuxo ata o de agora, revelan unha imaxinación ilimitada, construídas sobre conceptos tradicionais como a sinfonía ou o concerto que se redefinen a partir dunha linguaxe excepcionalmente transparente herdada tanto da vangarda europea de posguerra como dos seus antepasados americanos. A composición de *Viaxe*

comeza en 1971 como unha obra coral sobre a tradución ao inglés que o estadounidense Richard Wilbur realizou do poema *L'invitation au voyage*, de Charles Baudelaire. Publicado en 1857 na famosa colección simbolista *Les Fleurs du mal*, as súas evocacións do sexo e a morte, a decadencia e a libertinaxe levaron á persecución penal do poeta, do seu editor e do seu impresor, por inmoralidade pública. *L'invitation au voyage* é un dos poemas máis sutís da colección, unha meditación sobre o amor, soñadora e lánquida na que Wilbur —o segundo poeta máis laureado na historia do seu país, tradutor, dúas veces gañador do Pulitzer e letrista de *Candide* de Leonard Bernstein— captura a sensualidade do orixinal. Corigliano achega texto e música, reflectindo a ensoñación do amante solitario a través das harmonías cambiantes e a borrosa fronteira entre realidade e fantasía, xogando con tonalidade e atonalidade. A profusión das sonoridades das cordas (que lembran as obras de Vaughan Williams) leva a un punto entre o desexo e a materialización, entre a invitación e a mesma viaxe que o compositor describe así: “O conmovedor escenario de Wilbur amosa un mundo de imaxinación obsesiva, unha

versión do ceo chea de imaxes sensuais”. O compositor reelabora a peza para orquestra de cordas en 1978 e realiza outra versión en 1983, engadindo unha fruta. En ambas as dúas omite o texto e conserva cor e cadencia.

O violinista e director teatral Samuel Weinberg emigrou dende a súa Moldavia natal a Polonia. Alí naceu o seu fillo Mieczysław cuxa primeira formación musical chega do seu pai. Aos dez anos, Mieczysław Weinberg tocaba o piano no teatro familiar e aos doce comezou os seus estudos no Conservatorio de Varsovia, onde se graduou en 1939. O seu talento fixo que recibira unha invitación do Curtis Institute de Filadelfia para continuar os seus estudos, pero a Segunda Guerra Mundial quebrou as súas expectativas e cando Alemaña invade Polonia, Weinberg foxe á Unión Soviética nun terrible episodio que o obrigou a deixar atrás a súa familia (finalmente asasinada no campo de concentración de Trawniki) e que relatou así: “O 17 de setembro o Exército Vermello interveu e comprendín que tiña que ir á Unión Soviética. Nun par de días acadei a fronteira. As tropas de Hitler estaban nun lado e noutro, os soviéticos colocaran gardas fronteirizos. Nunca

esquecerei como nais con bebés nos brazos apertaban as patas dos cabalos, suplicando pasar á zona soviética. Finalmente, chegou a orde de paso para os refuxiados”. O compositor cruzou a fronteira e, naquel caos, o seu nome foi escrito en cirílico como *Моисей Самуилович Вайнберг* ou, de volta ao alfabeto latino, Moisey Samuilovitch Vainberg que, por mor da orixe alemá, deriva na escrita como Weinberg. No novo destino, estudou no Conservatorio de Minsk con Vassily Zolotaryov, alumno á súa vez de Rimski-Korsakov, ata que en 1941 o país foi invadido polos nazis e el foi evacuado a Taskent (Uzbekistán). Alí traballou no Teatro da Ópera e coñeceu a Shostakovich, co que estableceu unha estreita amizade e grazas ao cal regresou a Moscova en agosto de 1943. Escribiu 22 sinfonías ademais de varias sinfonietas, numerosos cuartetos de corda, ciclos de cancións, óperas ou catro obras para fruta, como o *Concerto para fruta núm. 1* Op. 75 (1961), escrito para o frutista ruso Alexander Korneyev. A composición, de carácter neoclásico, garda similitudes coas obras anteriores de Weinberg para fruta, como o abrupto cambio de tonalidade, o uso de harmonías altamente cromáticas e a súa

NOTAS AO PROGRAMA

escritura idiomática e extremadamente virtuosa. A pesar da gran cantidade de temas e de material contrastante, é significativamente máis curto que os concertos para violín e violoncello de Weinberg, o que revela a comprensión que tiña das fortalezas e capacidades da frauta como instrumento solista. A partitura mostra marcados contrastes entre os movementos: o frenético primeiro amosa a destreza técnica do frautista e as capacidades técnicas dun instrumento presentado, principalmente, no seu rango máis alto, no que é máis probable que sobresaía por riba da orquestra. O segundo movemento, lírico e case estático, presenta unha liña de frauta longa, sinuosa e conmovedora que chega ás notas máis baixas do instrumento, nas que a súa capacidade de proxección é máis débil. O movemento final, lúdico e parecido a unha danza, explota todo o rango da frauta, con escasos acompañamentos para melodías de rexistro máis baixo e, despois, orquestracións máis densas para as mesmas melodías, coa frauta na súa faceta máis aguda.

Poucos compositores medraron nunha contorna económica e intelectual tan propicia como Felix Mendelssohn-Bartholdy, membro dunha familia

xudía da alta burguesía —o seu avó Moses foi filósofo e un dos principais representantes do Iluminismo alemán—. Así, recibiu unha educación humanística impecable a cuxo enriquecemento contribuíron as relacións familiares cos irmáns Schlegel, Hegel, E.T.A. Hoffmann, Wieck e co compositor Carl F. Zelter no estudo do contrapunto e a fuga. Ás altas capacidades do neno Mendelssohn engadiuse un estrito proceder no traballo, unha gran naturalidade para assimilar estilos e autores (Bach, Mozart, Weber ou Beethoven) e a oportunidade de coñecer e debater con compositores internacionais moi recoñecidos como Berlioz, Liszt ou Meyerbeer. Posiblemente, todas esas personalidades estimularon as dotes musicais dun intelixente neno prodixio que na adolescencia escribe composicións esenciais da música romántica, como o *Octeto para corda*, o *Cuarteto de corda en La maior* ou as aberturas orquestrais *O soño dunha noite de verán*, *A bela Melusina* ou *Ruy Blas*. Segundo o musicólogo Karl-Heinz Köhler, son pequenos poemas sinfónicos nun movemento que destacan pola súa capacidade de evocar lugares, feitos e estados de ánimo e é precisamente así como xorde *As Hébridias*. Tras

o seu vixésimo aniversario, Mendelssohn realizou viaxes a Inglaterra, Escocia e Italia que cambiarían a súa vida pois, mentres percorría as Terras Altas escocesas, realizou unha viaxe á illa de Staffa, unha das Hébridas (as outras son Iona e Mull), que resultou un suplicio polas extremas condicións do vento e o mar, provocou no compositor un gran malestar físico e deixou nel un pésimo recordo malia a beleza dese territorio. En 1830, o compositor comeza a escribir en Roma a *Sinfonía Italiana* e finaliza a *Abertura* que, nostálxica, solemne e maxestosa, relata en sons o ambiente da gruta escocesa (a gruta de Fingal) en dous temas principais: o que recrea, nas voces graves iniciais, a beleza e soidade do lugar e o que representa o movemento do mar. Dificilmente pode sosterse que se trate de música programática, pero en todo caso estase ante unha abertura cuxa partitura é altamente descritiva, unha pintura de paisaxe con música, onde escoitamos a furia das ondas, do vento e as súas tempestades e, por suposto, os moitos misterios e lendas que a dita gruta encerra atemporalmente para quen accede á súa visión. Rendendo forma á estrutura clásica, a abertura dá inicio cun tema lírico de carácter

solitario nos baixos da corda que Mendelssohn dixo escribir na cova mesma. O seu segundo tema, enérxico e impetuosamente movido, describe a furia dos elementos que conflúen na visión do mar embravecido chocando contra a gruta, así como os misteriosos sons do seu retorno dende o interior da propia cova. Esa mesma viaxe é a orixe da *Sinfonía escocesa* pois a visita ao Pazo de Holyrood cáusalle tal impresión que escribe á súa familia: “Hoxe, á hora do solpor, diriximos os nosos pasos ao pazo no que viviu e amou a raíña María (Estuardo). Hai un pequeno recinto ao que leva unha escaleira de caracol, a mesma que subiron antano os asasinos de Rizzio [...] A capela contigua carece hoxe de teitume; a herba e a hedra invadiron o interior. Ante o seu altar, hoxe derrubado, María foi coroada raíña de Escocia. Todo son ruínas, todo está murcho e poeirento, baixo a bóveda derruída a través da que pode verse un anaco de ceo brillante e sereno. Creo ter encontrado hoxe nesta vetusta capela o comezo da miña sinfonía escocesa”. A pesar diso e da gran inspiración do comezo, Mendelssohn traballou nos seus bosquejos mentres estivo en Italia en 1831, pero abandonounos e a sinfonía non foi rematada

ata doce anos máis tarde para ser estreada en 1842. A *Terceira Sinfonía*, de perfección formal e melodía subxugante, é unha das súas obras máis características, e descritiva, pois evoca a paisaxe de Escocia tomada pola brétema a través das melodías populares daquel país. Delicada, elegante e poética, ábrese cun brillante e nostálxico *Andante con moto* de clima sombrizo e brumoso definido por unha pasaxe lenta cantada polas violas e o óboe cun acompañamento de ventos; séguelle un *Allegro un poco agitato*, en forma de sonata, que recolle novamente a frase do *andante* inicial nos seus últimos acordes e que dará paso a un segundo tema de carácter *cantabile* cálido e lírico. A continuación, e tamén como forma sonata, aparece o vertixinoso *Vivace non troppo*, protagonizado polo ritmo, evocador do folclore escocés, onde o clarinete acompañado pola corda substitúe a sonoridade do instrumento propio similar á gaita. Neste movemento Mendelssohn dilúe os ecos das fadas do *Soño dunha noite de verán* como fixo en moitas das súas composicións. No terceiro tempo, un intenso *Adagio* de inspiración sobresaínte, os violíns expoñen e desenvolven unha longa melodía sobre as cordas

graves e as trompas soando na distancia; trompas que interpretan un solemne tema que acabará de modo conmovedor pola incorporación de toda a orquestra. As cordas rotundas inician o *Allegro vivacísimo*, batallador e épico, para dar paso a un segundo tema a cargo das madeiras; cara ao final, Mendelssohn lembra o principio do primeiro movemento; seguidamente, á trompa súmase o resto da orquestra para culminar a sinfonía de modo maxestoso e extraordinario.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

dende o exilio

XOVES 26 OUTUBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Pablo González

Sala Mozart, 19:45 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Pablo González, director

- Roberto Gerhard: *Albada, interludi i dansa*
- Arnold Schoenberg: *Sinfonía de cámara núm. 2*
- Antonín Dvorák: *Sinfonía núm. 9 en mi menor, op. 95 'Do Novo Mundo'*

*Coa participación do alumnado do EAEM